

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Antonio Sánchez Bugallo, José Carlos González Santín e José Luís Méndez Romeu, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O pasado sábado, 13 de xuño, con motivo dunha entrevista mantida polo presidente da Xunta, D. Alberto Núñez Feijoo, co vicepresidente de Abanca, D. Juan Carlos Escotet, acordaron un procedemento para garantir que as familias non se queden sen casa por razóns económicas “a Xunta e Abanca van asumir o pago do aluguer social a familias que non poidan facer fronte ás súas hipotecas sen que deixen a súa vivenda”.

Tamén se informa do compromiso asumido por Abanca de poñer a disposición da Xunta unha parte do parque de vivendas baleiras do que dispón.

Con posterioridade informouse de que este acordo se estendía a outras entidades financeiras como o Banco Pastor.

Á vista do anterior fórmulanse as seguintes preguntas:

1ª) Con que entidades financeiras se acadaron estes acordos?

2ª) Cal é o contido concreto destes acordos?

3ª) Subscribiuse este acordo ou é só verbal?

Pazo do Parlamento, 22 de xuño de 2015

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

José Antonio Sánchez Bugallo na data 22/06/2015 19:29:00

Juan Carlos González Santín na data 22/06/2015 19:29:16

Jose Luis Méndez Romeu na data 22/06/2015 19:29:28

Partido dos
Socialistas
de Galicia
